

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27003151	IES Lama das Quendas	Chantada	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

1. Introducción

A materia de Xeografía e Historia contribúe á percepción e á análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do seu devir, a través do tempo e do espazo, e a análise do cambio como froito da acción humana implican concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea, á participación e ao compromiso social. Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades, exercitar a cidadanía e orientar o seu comportamento cívico, cuestións estas de especial importancia nunha etapa educativa en que o alumnado adolescente precisa de experiencias formativas que lle permitan construír o seu criterio, a súa identidade e a súa autonomía para desenvolverse na súa contorna social. Esta complexa transición prodúcese da etapa de educación primaria á de educación secundaria obrigatoria e, no noso ámbito, implica poñerse en contacto cunha sociedade complexa que lle formula dilemas e na cal o alumnado debe aprender a tomar decisións informadas. A toma de conciencia dos desafíos a que nos enfrontamos na actualidade, así como a valoración crítica das respostas que, ao longo da historia, se lles deron aos retos e problemas que se foron sucedendo, dispoñen a mocidade en situación de actuar xa no presente para garantir a sustentabilidade do planeta e o benestar da humanidade no futuro.

Aínda que se vincula e continúa co proceso de desenvolvemento competencial da área de Ciencias Sociais da educación primaria, a atención particular que se concede agora tanto á Xeografía como á Historia queda xustificada polo seu acusado carácter comprensivo, global e integrador e pola súa conexión con outras ciencias sociais, o que permite contribuír ao logro dos obxectivos e competencias que marcan o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Os obxectivos da materia confírenlle un perfil pertinente no desenvolvemento de dimensións fundamentais da aprendizaxe, como son o traballo sobre a información e as súas fontes a través de recursos variados, incluídos os dixitais; a contextualización das aprendizaxes na contorna local e global; o interese polos obxectivos de desenvolvemento sustentable; o exercicio da solidariedade e a cohesión social; o respecto á diversidade cultural e ás diferentes identidades; o afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado en valores e prácticas democráticas; a valoración e conservación do patrimonio; a defensa da igualdade real entre mulleres e homes, así como a loita contra calquera tipo de discriminación. Para iso hai que combinar as ferramentas e estratexias propias dos métodos de estudo de cada unha destas dúas disciplinas co pensamento xeográfico e o histórico coa capacidade crítica e de concienciación. O pensamento xeográfico enténdese como un conxunto de habilidades para analizar, comprender, transformar e producir novas formas de coñecemento espacial ao redor de conceptos como proximidade, conexión, localización ou distribución espacial, utilizando a escala adecuada en cada caso, desde o local ao global. E é que entender as razóns que configuran o territorio e as paisaxes permite considerar alternativas e, polo tanto, outorga a posibilidade de actuar para construír espazos que favorezan a xustiza social, o equilibrio ambiental e a cidadanía global. Isto require a aplicación de procedementos de análise xeográfica; establecer relacións causais entre diversas variables que explican a complexidade dos fenómenos sociais no espazo; propoñer hipóteses explicativas, e comunicar resultados dunha procura sinxela utilizando as técnicas de representación do espazo e o vocabulario xeográfico. O pensamento histórico defínese como o proceso levado a cabo para interpretar as fontes do pasado e xerar as narrativas históricas a través da reflexión sobre a súa relevancia, a análise de fontes, a discusión sobre as causas e consecuencias dos acontecementos, así como a análise dos cambios e continuidades entre estes, desde unha perspectiva temporal e contextualizada, e con relación a determinados criterios éticos e cívicos. Pero a Xeografía e a Historia non só abordan o pasado, senón tamén o presente e o futuro nun dobre plano: os estudantes deben comprender a súa realidade inmediata a partir dos coñecementos do pasado para tomar decisións futuras sen prexuízos, como cidadáns autónomos e coherentes. E nun segundo plano, a Xeografía e a Historia permiten explicar e entender o presente como un proceso inacabado (eliminando posturas teleolóxicas) sobre o cal é posible actuar desde unha perspectiva científica, para modelar o futuro.

Tanto nos obxectivos como nos criterios de avaliación e nos contidos queda reflectida a visión funcional e activa das aprendizaxes propias da materia. A avaliación dos obxectivos realízase a través dos criterios de avaliación, que miden tanto os resultados como os procesos dunha maneira aberta, flexible e interconectada dentro do currículo. Establécense certas etapas históricas e determinados ámbitos temáticos nos distintos cursos, pero a progresión de contidos está condicionada principalmente pola complexidade dos procesos que se poñen en acción e a madurez persoal e cívica do alumnado, acorde co seu desenvolvemento e capacidades. É precisamente esta multidimensionalidade da avaliación, que relaciona a adquisición de coñecementos, o desenvolvemento e a posta en acción de destrezas e procesos, así como o exercicio e incorporación de actitudes, valores e compromisos, a que debe facer dos criterios a guía das intencións e das estratexias educativas. Porque todas estas facetas formativas deben verse comprometidas nas iniciativas e aprendizaxe do alumnado con base nunha consideración integral da súa formación. Hai, polo tanto, un avance na óptica curricular que profunda na substitución da acumulación enumerativa enciclopedista baseada na memorización de datos polo aprofundamento do coñecemento, a aplicación práctica da

aprendizaxe e o desenvolvemento de competencias que permitan avaliar o alumnado desde unha perspectiva multifocal. A aplicación dunhas metodoloxías máis activas contribuirá a que o alumnado mostre e potencie todas as súas capacidades, o que fomentará máis a súa motivación e predisposición á aprendizaxe.

Neste sentido, os criterios de avaliación e os contidos, estruturados por cursos e en tres bloques, son concibidos como unha meta e non só como unha base da cal partir, situando no alumnado o protagonismo na súa construción para dotalos de significado e comprender con eles o mundo en que vive. Trátase de non incorrer en enfoques exclusivamente academicistas na presentación e organización dos contidos, tradicionalmente dispostos en campos disciplinares estancos, excesivamente concretos, pechados en ámbitos temáticos e a través de secuencias diacrónicas sucesivas, promovendo unha perspectiva máis aberta e flexible, na cal as dimensións do espazo e do tempo poidan ser interpretadas e desenvolvidas ao longo de todos os cursos, permitindo combinar a xeografía e a historia e conectar os seus métodos e campos de estudo.

O primeiro dos bloques, «Retos do mundo actual», contribúe a que en todos os cursos se preste especial atención aos desafíos e problemas do presente e da contorna local e global, e está destinado a espertar no alumnado unha mirada crítica e responsable. Tamén a incidir no desenvolvemento de procesos de aprendizaxe relacionados coa sociedade da información e do coñecemento, que exixen unha constante actualización e posta ao día, así como a dispoñer das destrezas e actitudes necesarias para actuar adecuadamente nas plataformas dixitais e redes de comunicación. Con este enfoque, baseado en problemas sociais relevantes, preténdese espertar no alumnado a conciencia histórica sobre problemas, conflitos e incertezas actuais, complementando as visións xeográfica e histórica da sociedade a través da súa dinámica e evolución no tempo. Perséguese que os xuízos propios e a capacidade de diálogo e de debate estean fundamentados e argumentados, previndo a desinformación, a falta de criterio e as actitudes intolerantes, e contribuíndo a que o alumnado sexa capaz de formular solucións ao presente para o futuro.

O bloque de «Sociedades e territorios» está orientado á aplicación de estratexias e métodos das ciencias sociais e, en concreto, dos procedementos e das técnicas que achegan a xeografía e a historia, a través de metodoloxías como poden ser o traballo por proxectos, o desenvolvemento de experiencias de investigación e outras propostas baseadas na indución e na experimentación. Os contidos deste bloque están organizados arredor das grandes cuestións que preocupan a humanidade e que contribúen a explicar a orixe e a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo. Tales cuestións preséntanse, de maneira transversal, a través das distintas etapas históricas, desde a Prehistoria ata a Idade Moderna nos dous primeiros cursos, e no mundo contemporáneo en terceiro e cuarto, contribuíndo en todos os casos á comprensión xeral de permanencias e cambios, e contextualizando e mostrando, de ser o caso, a conexión co presente dos fenómenos analizados.

O terceiro bloque de obxectivos, «Compromiso cívico local e global», subliña a importancia deste compoñente, que integra, ademais de valores e actitudes (tolerancia, respecto, compromiso...), outros ámbitos asociados ao desenvolvemento persoal do alumnado, como poden ser o sentido da responsabilidade, o desenvolvemento do espírito crítico, a capacidade para crear unha opinión propia ou o sentirse parte activa do devir da sociedade. Estas dimensións son fundamentais para a formación integral, tanto polo sentido que lle outorga ao resto dos saberes, aos cales complementa e lles dá significado, como pola súa proxección social e cidadá.

En cada un dos catro cursos cada bloque divídese, pola súa vez, en epígrafes con aspectos xenéricos clave. Tales bloques non son nin homoxéneos nin equilibrados, polo que non é preciso que se correspondan de forma directa con cada unha das avaliacións do curso ordinario, á vez que permiten subdivisións ou alteracións internas.

A proposta pretende darlles a liberdade suficiente a cada departamento e ao seu profesorado, para a organización destes contidos, a súa programación, secuenciación, parcelación e enfoque. Isto inclúe a posibilidade de realizar un percorrido cronolóxico ¿diacrónico ou invertido¿ ou transversal, dentro dos aspectos tratados en cada curso ¿enténdase referido tamén á metodoloxía e ás estratexias específicas¿, en función dos obxectivos e das situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica cun enfoque multicausal e desde a perspectiva do estudo comparado. En calquera caso, a atención á individualidade e á diversidade do alumnado, aos seus intereses e aptitudes, ha de permitir a necesaria diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión.

Doutra banda, o papel vertebrador de procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, facilita a formulación de estratexias interdisciplinares ao longo dos catro cursos da etapa. A capacidade de contextualizar as aprendizaxes e conectalas con problemas actuais e retos do presente, desde unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, permite dotalas de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado, así como crear escenarios diversos en que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais que propicien a participación e o compromiso coa contorna e coa comunidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Retos do mundo actual	Estudar os principais retos aos que se enfronta a humanidade como consecuencia do desenvolvemento tecnolóxico, económico, demográfico e das agresións ao medio ambiente.	40	41			X
2	Do Antigo Réxime ao réxime liberal.	Estudar a sociedade do Antigo Réxime no século XVIII e a transición ao liberalismo no século XIX.	30	33	X		
3	A Revolución Industrial e as súas consecuencias.	Estudar as transformacións económicas producidas polo triunfo da revolución industrial e as súas consecuencias na sociedade da época.	30	31		X	

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Retos do mundo actual	41

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Investigar problemas xeográficos ou históricos da contorna e relacionalos con outros que se dan a nivel global.		
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Coñecer os ODS achegando solucións para a contorna máis próxima.		
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Recoñecer elementos xeográficos e históricos significativos da nosa comarca e comprender e o seu interese para a natureza e a sociedade locais.		
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Identificar os trazos que conforman a nosa identidade e os seus fundamentos xeográficos, históricos e lingüísticos.	PE	70
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Achegar propostas para acadar os ODS a partir da interpretación de imaxes.		
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	Facer algunha proposta resolver un problema na súa contorna máis próxima.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Facer propostas para mellorar algún aspecto da sociedade local.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Estudar un conflito do mundo actual (guerras, discriminación, desigualdade, cultura, lingua...) e achegar posibles solucións.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Redactar textos propios buscando información a partir de fontes diversas pola orixe e o formato.		
CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Valorar as achegas que fai á sociedade a diversidade en todos os seus ámbitos e a importancia da súa defensa.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Relacionar diferentes informacións e elaborar sínteses.	TI	30
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Analizar un problema da sociedade actual e as consecuencias para o medio natural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Estudar un movemento social representado na comarca que pretenda combater a desigualdade, a discriminación ou o deterioro medioambiental.		
CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Recoñecer a riqueza que supón para a sociedade o respecto pola diversidade en todos os ámbitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais. - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro. - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorexión Galicia-Norte de Portugal. - Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas - Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural. - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.

Contidos

- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
2	Do Antigo Réxime ao réxime liberal.	33

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Estudar un proceso histórico de transición.	PE	70
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Achegar propostas para acadar os ODS a partir da interpretación de imaxes.		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Coñecer os acontecementos históricos fundamentais que se imparten este curso.		
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Achegar propostas para acadar os ODS a partir da interpretación de imaxes.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Analizar un problema da sociedade actual e as consecuencias para o medio natural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Estudar un movemento social representado na comarca que pretenda combater a desigualdade, a discriminación ou o deterioro medioambiental.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Facer propostas para mellorar algún aspecto da sociedade local.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Facer un mural sobre unha etapa histórica ou un accidente xeográfico.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Relacionar diferentes informacións e elaborar sínteses.		
CA3.5 - Rexeitara actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Recoñecer a riqueza que supón para a sociedade o respecto pola diversidade en todos os ámbitos.	TI	30
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	Facer algunha proposta resolver un problema na súa contorna máis próxima.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Valorar un conflito do mundo actual (guerras, discriminación, desigualdade, cultura, lingua...) e achegar posibles solucións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.
- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.
- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.
- A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia.
- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.
- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.
- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.
- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
3	A Revolución Industrial e as súas consecuencias.	31

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Idear unha proposta de mellora da contorna natural, rural ou urbana que contribúa ao desenvolvemento sustentable.		
CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Coñecer e analizar os procesos históricos que reivindicaron a igualdade, a solidariedade e o pacifismo.	PE	70
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Estudar os principais trazos que conforman a nosa identidade a través dos seus fundamentos históricos, xeográficos, lingüísticos...		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Relacionar diferentes informacións e elaborar sínteses.		
CA3.5 - Rexeitir actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Recoñecer a riqueza que supón para a sociedade o respecto pola diversidade en todos os ámbitos.		
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	Valorar algunha proposta resolver un problema na súa contorna máis próxima.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Facer propostas para mellorar algún aspecto da sociedade local.		
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercer responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	Valorar os deberes e dereitos da cidadanía a partir da constitución actual.		
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Achegar propostas para acadar os ODS a partir da interpretación de imaxes.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Analizar un problema da sociedade actual e as consecuencias para o medio natural.	TI	30
CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Coñecer e valorar un movemento social representado na comarca que pretenda combater a desigualdade, a discriminación ou o deterioro medioambiental.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Valorar un conflito do mundo actual (guerras, discriminación, desigualdade, cultura, lingua...) e achegar posibles solucións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. - Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural. - O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita. - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O uso das TIC será o recurso didáctico de referencia, e polo tanto, o modelo metodolóxico principal que se aplicará na materia será o denominado "Flipped Classroom" (Clase invertida), de maneira que o profesorado utilizará materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos seleccionados de internet ou de outras fontes, favorecendo unha educación individualizada e personalizada coa utilización de ferramentas TIC. Este modelo complementarase co de "Aprender facendo e ensinando", onde o alumnado construíra o seu coñecemento facendo cousas con outros (traballo colaborativo), a partir da experiencia e a exploración, do ensaio e erro, da análise e a execución. Pódese dicir que se trata de converter a clase nun espazo para realizar as tarefas, mediante un traballo en equipo ou individualmente, dirixido polo profesorado. Previamente, e despois dunha explicación do profesorado, o alumnado aprende ou visualiza o contido a través de videotutoriais, documentos escritos, ligazóns de internet, referencias do libro de texto, etc.

Para a posta en práctica desta programación utilizarase a aula virtual (do centro ou de Edixgal, segundo corresponda), que ofrece un amplo abanico de posibilidades, permitindo desde algo básico como un repositorio de recursos para o alumnado, ata un uso máis completo como espazo de aprendizaxe (formación en rede que permite ao alumnado interactuar entre si, acceder aos contidos, realizar tarefas e actividades con seguimento do profesorado, tanto na aula presencial como virtual).

Ao longo do curso poderanse levar a cabo diversos tipos de actividades:

Actividades de presentación-motivación: Para introducir ao alumnado no tema que se aborda e despertar o seu interese sobre os contidos da unidade, poderá establecerse un pequeno debate a partir dalgún artigo de prensa, noticia de actualidade, etc..., relacionado co tema a tratar, realizar unha tormenta de ideas con preguntas abertas ou analizar e comentar un vídeo relacionado co tema.

Actividades de avaliación de coñecementos previos: Para obter información acerca do que saben e que procedementos, destrezas e habilidades ten desenvolvidas o alumnado sobre un tema concreto, pode realizarse unha tormenta de ideas sobre os principais conceptos da unidade, ou un "test de coñecementos previos" co que o profesorado pode facerse unha idea de cada alumno/a e da clase en xeral. Non se trata de poñer unha cualificación ao alumnado, senón de proporcionar ao profesorado información que necesita para favorecer aprendizaxes significativas e funcionais.

Actividades de desenvolvemento dos distintos contidos: Coa finalidade de que o alumnado adquira novos coñecementos, empregaranse varios métodos:

- Método dogmático-maxistral: Para introdución a un tema ou unidade, exposición de temas puntuais ou propostas de técnicas de traballo.

- Método histórico: Para un breve estudio dun concepto a través do tempo.

- Método de proxectos: Para a realización dun traballo concreto, incluíndo a fase de deseño, planificación e elaboración final.

Actividades de consolidación: Para que o alumnado contraste as novas ideas coas previas e aplique as novas aprendizaxes, realizará actividades nas que se traballarán un conxunto de coñecementos, capacidades e actitudes (competencias clave) relacionados coa unidade didáctica correspondente.

Actividades de síntese-resume: Para que o alumnado estableza a relación entre os distintos contidos aprendidos, así como contrastalos cos que xa tiñan, poden elaborar mapas conceptuais sobre os contidos da unidade ou elaborar un resume.

Actividades de reforzo: Para o alumnado que non alcance os obxectivos ou que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento deseñaranse actividades destinadas a desenvolver os contidos de reforzo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto (EDIXGAL)
Biblioteca do centro e do Departamento de Xª e Hª (libros, revistas, películas en DVD, xogos, cartolinas e material para facer murais...)
Fotocopias e material achegado polo profesor
Aula virtual do centro con recursos que irá subindo o profesor: apuntamentos, ligazóns a páxinas web e videos, libros dixitais...

O IES Lama das Quendas dispón dos recursos educativos necesarios para impartir a docencia diversificando os métodos de traballo para adaptarse ás necesidades do alumnado máis diverso. Imos potenciar especialmente o uso das TIC dun xeito crítico, selectivo e responsable.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha pequena proba práctica e/ou un remuíño de ideas ao comezo do curso e de cada unidade didáctica, para avaliar os coñecementos previos relacionados coa materia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	30	30	100
Proba escrita	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas impartidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica, os cales se poden ver no apartado 3.1 da programación. Así teríase o seguinte:

Primeira avaliación= NotaUD1

Segunda avaliación = NotaUD2

Terceira avaliación= NotaUD3

A cualificación final da materia virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado

3.1 da programación.

Avaliación final ordinaria= $(40 \times \text{Nota_1ª aval} + 30 \times \text{Nota_2ª aval} + 30 \times \text{Nota_3ª aval})/100$

Tamén se pode calcular esta cualificación final en función dos pesos das distintas unidades didácticas, mediante a

seguinte expresión matemática:

$$(5 \times \text{NotaUD1} + 15 \times \text{NotaUD2} + 15 \times \text{NotaUD3} + 35 \times \text{NotaUD4} + 25 \times \text{NotaUD5} + 5 \times \text{NotaUD6})/$$

No cálculo das cualificacións das distintas avaliacións, cando o resultado non sexa un número enteiro, redondearase ao enteiro superior, se a parte decimal é igual ou superior a 0,5 ou ao enteiro inferior se a parte decimal é menor de 0,5.

No caso de que exista algunha modificación na docencia das unidades que estaban programadas para algunha avaliación, deberá modificarse a maneira de calcular a cualificación da avaliación correspondente. Se ao rematar a terceira avaliación non se impartira algunha unidade ou algunhas unidades, entón repartiríase equitativamente o peso destas entre as unidades impartidas, e polo tanto, modificaríase a expresión matemática para o cálculo da cualificación final da materia segundo proceda.

Criterios de recuperación:

Durante o curso, o alumnado que teña suspensa algunha parte da materia, que lle impida obter unha cualificación mínima de un 5 na avaliación final ordinaria, realizará as correspondentes tarefas e probas de recuperación.

Para a cualificación da avaliación final, unha vez realizadas as recuperacións oportunas, manteranse os mesmos pesos das unidades didácticas, indicados na programación, aplicando a mesma expresión matemática recollida nos criterios de cualificación

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Durante o mes de outubro, e logo da avaliación inicial, o alumnado que teña esta materia pendente recibirá por escrito un plan de reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. A xefatura do departamento didáctico ao que pertence a materia velará pola realización do plan.

O plan de reforzo incluirá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia pendente.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso o profesorado da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Ao comezo do período lectivo o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades.

Tamén sería importante recibir da persoa titora e do departamento de Orientación toda a información dispoñible sobre

as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas, ou persoais con incidencia educativa. Esta información poderá proceder:

- Dos informes individualizados de avaliación de cursos anteriores.
- Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- Da experiencia profesional previa.

A partir disto poderanse establecer, se procede, unhas medidas de atención á diversidade como as seguintes: **ALUMNADO CUN RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS LENTO.**

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc.
- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes da unidade didáctica, presentar a unidade de forma máis personalizada, procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido, etc.
- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido), reforzo permanente dos logros acadados para elevar a autoestima-autoconceito do alumnado, creación dun clima na aula na que o alumnado non tema expresar as súas dificultades, simplificación das actividades, etc.

ALUMNADO CUN RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS RÁPIDO.

- Propor actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.
- Implicar a este alumnado para axudar a compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.
- Adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical, que consisten en aumentar a cantidade de contidos para aprender nunha ou varias áreas.
- Ampliación curricular de enriquecemento horizontal, onde o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de Orientación do centro, e que estarán recollidas no plan anual do centro de atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Tratamento e fomento da lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X
ET.4 - Fomento da convivencia no centro	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.7 - Fomento do proxecto lingüístico do centro	X	X	X

Observacións:

TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA. Desde esta materia, e tendo en conta o Plan lector do centro, intentarase levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora. **EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA** Promoverase a resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación, utilizando un vocabulario correcto e axeitado, reforzando o vocabulario propio da materia. Tamén se traballarán técnicas de comunicación de ideas, e exposición oral das resolucións dadas a determinadas tarefas por parte do alumnado. **COMPETENCIA DIXITAL** Na materia fomentase a capacidade do alumnado de poñer en práctica coñecementos, habilidades e actitudes á hora de acceder á información, construír con ela coñecementos propios, expresala e difundila, producindo documentos persoais e utilizando para iso medios dixitais. Esta materia contribuirá tamén ao desenvolvemento do Plan Dixital do centro. **FOMENTO DA CONVIVENCIA NO CENTRO** A través da materia e tendo en conta as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro intentarase contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe. **EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES** Desde esta materia tamén se quere transmitir unha serie de valores ao noso alumnado para que os apliquen á súa vida cotiá (aprender a ser responsable, respectuoso/a, empático/a, ...). **IGUALDADE DE XÉNERO** Intentarase concienciar ao alumnado para que actúe de maneira crítica ante as situacións de desigualdade que perciba no seu contorno e fóra del, e para que recoñeza as relacións interpersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual, como parte dunha realidade plural e enriquecedora. **FOMENTO DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO** Respetarase o establecido no proxecto lingüístico do centro, colaborando nas actividades organizadas para a dinamización da lingua galega.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á ribeira do Miño en Chantada	Estudo dunha paisaxe natural no concello de Chantada identificando os elementos naturais e humanos e analizar o informe da UNESCO que rexeitou a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade.			
Visita dunha representante da Asociación Cultural Alemparte-Líncora.	Entrevistar a xente maior da familia para coñecer como se traballaba o medio rural cando eran novos e facer unha árbore xenealóxica identificando ás persoas que emigraron.			

Observacións:

Pretendemos coñecer a contorna na que vivimos relacionándoa cos contidos da materia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
A selección e temporalización de contidos foi axeitada
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para o desenvolvemento dos contidos.
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades do alumnado.
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Facilitouse ao alumnado e ás familias o coñecemento dos criterios de avaliación e cualificación.
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e cualificacións
Realizáronse actividades para que o alumnado recuperara as partes non superadas da materia
Existiu coordinación entre o profesorado do departamento
O que estivo ben foi.
O que estivo mal foi
Propostas de mellora

Descrición:

o final de cada período de avaliación ou de cada unidade didáctica, farase unha avaliación da práctica docente mediante unha táboa de cotexo ou unha rúbrica, coas que se poderá obter información ao respecto. Estas táboas poderán ser cubertas tanto polo alumnado como polo profesorado da materia. Nas reunións de departamento analizaranse o resultados desta avaliación da práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado da materia fará un seguimento do cumprimento da programación. Para iso ao finalizar cada unidade didáctica, e través da aplicación PROENS, no apartado de "Seguimento", comprobaranse as datas de inicio e final de cada unidade, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade. No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias. Nas reunións mensuais do departamento didáctico tratarase sempre como un dos puntos da reunión, o seguimento da programación didáctica. Antes de rematar o período lectivo, o alumnado fará unha avaliación da actividade docente baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación. Do mesmo modo, finalizado o curso, tamén se fará unha avaliación e unha memoria da programación da materia, onde se recollerán os seguintes apartados:

- A.- Porcentaxe do cumprimento da programación.
- B.- Xustificacións da parte da programación non impartida.

- C.- Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.
- D.- Motivos das modificación feitas.
- E.- Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.
- F.- Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores

9. Outros apartados